


CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018

REUNIDOS:



Dunha parte, a Sra. Beatriz Mato Otero Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nomeada para dito cargo polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril) e no Decreto 167/2015 polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia.



Doutra a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, tomo 212, sec. Xeral de Sociedades, folio 199 volta, folla SC 4.608, inscrición 44ª, C.I.F. A-15073349; representada neste acto por D. Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais.


Ámbalas partes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica abonda para a celebración do presente convenio de colaboración, acordan levalo a efecto e, a tal fin,




EXPOÑEN:

Primeiro. - Segundo o Decreto 167/2015, do 19 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten competencias para a xestión do sistema de observación e predición meteorolóxica de Galicia.

Para a xestión destas competencias conta dentro da súa estrutura orgánica coa Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático que dispón de medios técnicos e medios humanos suficientes para a elaboración de prognósticos meteorolóxicos e demais información relacionada coa meteoroloxía.



Segundo. -A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio fomenta que se difunda o máximo posible a información meteorolóxica e demais información deste tipo relativa a Galicia, elaborada pola Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, nos medios de comunicación en xeral e concretamente nos medios afectados por este convenio.



Terceiro. -A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. está interesada na información sobre a predición meteorolóxica e demais información deste tipo relativa a Galicia que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio elabora para Galicia, para divulgala publicamente nas emisións que realiza a través das súas canles de televisión e radio (Televisión de Galicia e Radio Galega), fundamentalmente nos seus espazos de carácter informativo.

Cuarto. -Ambas as dúas institucións conflúen no obxectivo común respecto da información meteorolóxica polo que parece conveniente establecer o presente convenio de colaboración para atender aos intereses das dúas partes.

Por canto antecede, ámbalas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polo especificado nas seguintes:



CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

O convenio ten por obxecto regular a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A, en materia de información meteorolóxica a difundir pola televisión e radio (canles da Corporación Radio e Televisión de Galicia).

Segunda.- Obrigas das partes.

A) Obrigas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio colaborará coa Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. adaptando os seus prognósticos e demais información para a súa comunicación pública por televisión e radio, en lingua galega.

En relación coa televisión de Galicia, esta información comprenderá:

- A preparación da predición meteorolóxica e oceanográfica para Galicia.
 - Previsión para Galicia para o día actual e os días seguintes (D+0 e D+1 e D+2)
 - Previsión por localidades a medio prazo.
 - Previsión marítima para o propio día e o día seguinte (D+0 e D+1)
 - Estado actual por localidades (datos *on-line* das estacións meteorolóxicas)
- A elaboración de páxinas web especiais para o subministro continuo de datos de estacións meteorolóxicas e predicións por concellos.
- Subministro de imaxes do satélite Meteosat cada 15 minutos.
- Subministro de imaxes do radar meteorolóxico cada 10 minutos.
- O subministro de mapa isóbaras.
- Modelos atmosféricos con campos en 2D das principais variables atmosféricas, campo de presións, temperaturas, choiva, etc.; que permite visualizar a posición e evolución das fronteas de choiva, das entradas de aire cálido, frío, etc.





- Outra información provinte das redes de observación (meteorolóxica, oceanográfica, rede de detección de raios, etc.), da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

No caso das previsións meteorolóxicas, estas contemplarán un mapa con símbolos meteorolóxicos distribuídos polo territorio, temperaturas máxima e mínima por localidades e previsión do vento. No caso das previsións do estado do mar incluírase a dirección e forza do vento, a dirección e altura do mar de fondo no Atlántico e máis polo miúdo preto das costas galegas.



Esta información estará dispoñible nuns servidores FTP e/ou Thredds da Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, accesibles dende a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. e dende a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

As previsións en forma de mapas e os modelos atmosféricos actualizaranse dúas veces ao día (pola mañá e pola tarde).

Os datos en tempo real das estacións meteorolóxicas e boias oceanográficas estarán dispoñibles cada 10 minutos.

Para a resolución dos problemas técnicos ou de predición que puideran xurdir, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio disporá dun servizo de atención telefónica todos os días do ano.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comprométese a impartir formación meteorolóxica aos profesionais da Televisión de Galicia que difundirán a información e a aportar o equipamento necesario para que a descarga de información se poida realizar de forma automatizada dende os equipos de Televisión de Galicia. O alcance da formación, a periodicidade e a forma de impartila será acordada entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.



En relación coa Radio Galega a información comprenderá:

- Información da previsión meteorolóxica do día para Galicia.
- Información meteorolóxica do tempo nas seguintes horas á conexión realizada en cada Magazin ou programa e Informativo, das seguintes horas en Galicia.



- Información do tempo en cada unha das desconexións locais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- Información do tempo nas seguintes horas ás desconexións locais realizadas para A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- Nos informativos e nos magazines ou programas, a información será referida a Galicia. Comprenderá a previsión do tempo do día, a previsión do tempo para as seguintes horas e datos de interese como temperaturas, choivas, alertas, etc.
- Nos informativos feitos en desconexión local para a Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, a información comprenderá a previsión do tempo para o día, a previsión das seguintes horas, así como datos de interese como temperaturas, choivas, alertas, etc.
- En todos os casos farán referencia dende a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a datos como temperaturas máximas, temperaturas mínimas, choivas, alertas e calquera outro dato meteorolóxico que sexa de interese informativo ou de importancia para o coñecemento da poboación.
- Na Radio Galega serán os profesionais da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio os que telefonicamente ofreceran a información meteorolóxica nos diversos espazos informativos, ben en directo ou previa gravación das intervencións, sendo por conta da Radio Galega facilitar os medios técnicos necesarios para realizar as conexións. Sen prexuízo de que as partes acorden outra periodicidade, de luns a venres, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio facilitará información meteorolóxica en cinco (5) magazines ou programas, en quince (15) informativos referidos a Galicia e en cinco (5) informativos de desconexión local para a Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Durante a fin de semana, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio facilitará información meteorolóxica en dous (2) informativos o sábado e en dous (2) informativos o domingo. En todos os casos deberase citar a fonte da información meteorolóxica.
- Para as conexións, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio disporá dun servizo de atención telefónica para os programas da Radio galega todos os días do ano.





B) Obrigas da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. comprométese a que Televisión de Galicia conte cos medios humanos, materiais e audiovisuais necesarios para que a información facilitada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sexa difundida nos espazos informativos da Televisión de Galicia que considere máis axeitados dentro da súa programación, citando fonte da información meteorolóxica en todos os soportes audiovisuais da mesma. En relación coa Radio Galega, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. facilitará os medios técnicos necesarios para poder realizar as conexións ás conexións.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. como compensación polos gastos nos que debe incurrir a Xunta de Galicia para realizar as actividades establecidas neste Convenio aboará 12.000 € (doce mil euros) máis a cota de IVE correspondente, a ingresar na conta corrente da Xunta de Galicia que indique a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Esta cantidade será abonada en dous (2) pagamentos de 6.000 € (Seis mil euros), o primeiro antes do 31 de xullo de 2018, e o último antes do 31 de novembro de 2018.

Estas cantidades, serán facturadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio conforme á lexislación fiscal vixente, e serán abonadas pola Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. de terse prestado en forma axeitada as actividades establecidas neste Convenio, durante o período facturado. A tal fin, deberá conformar as correspondentes facturas o directivo que designe a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

Esta proposta tramitarase con cargo ós orzamentos desta Comunidade Autónoma para o ano 2018 na que existe crédito axeitado e de abondo para dita finalidade.

Terceira.- Comisión de seguimento

Establecese unha comisión de seguimento que estará formada por dúas persoas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e unha persoa por parte da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. Esta comisión, actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo se o considera oportuno, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.



Cuarta.-Cesión de dereitos.

En relación coa información meteorolóxica a difundir pola Televisión de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio outorga a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. a pertinente cesión de dereitos de transformación e de comunicación pública para que, logo do tratamento preciso por parte dos profesionais da Televisión de Galicia para que poida ser comprensible pola audiencia, divulgue a correspondente información facilitada nos programas da súa grella que teña por conveniente, calquera que sexa o sistema e modos de emisión empregados.

En relación coa información meteorolóxica a difundir a través da Radio Galega, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio outorga á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. o dereito de comunicación pública dos profesionais da Consellería as que se refire a letra A) da cláusula segunda do convenio.

O dereito de comunicación pública aquí referido, abrangue todas as súas formas, incluíndo expresamente a comunicación pública por televisión ou radio, en todo modo e sistema, por ondas terrestres, cable, satélite e emisión libre e codificada, así como a comunicación pública por medios de telecomunicación informática e todos os medios audiovisuais, para todo o mundo, e ata a súa entrada no dominio público polo tempo máximo establecido pola Lei de Propiedade Intelectual.

Non será responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio os posibles erros que na comunicación da información meteorolóxica subministrada á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. puidera ter esta última.

Quinta.- Modificación, vixencia e resolución.

O presente convenio de colaboración iniciará a súa vixencia o día da súa sinatura e rematará o día 31 de decembro de 2018.

Son causas de resolución do presente convenio de colaboración o incumprimento total ou parcial, por calquera das partes, dalgunha das cláusulas que o regulan; o mutuo acordo das partes ou a denuncia de calquera das partes.

Calquera variación das cláusulas establecidas no presente convenio terase que consignar necesariamente por escrito, carecendo de toda eficacia ou validez ata o cumprimento deste requisito.



Sexta.- Réxime xurídico.

De conformidade cos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público este convenio ten natureza interadministrativa. Sen prexuízo das funcións da comisión de seguimento, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir en tomo á súa interpretación, aplicación, modificación, resolución e efectos corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa.

Sétima.- Relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

Oitava.-Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio de colaboración por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data "ut supra".

Pola Xunta de Galicia

A conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

Beatriz Mato Otero

**Pola Corporación Radio e Televisión de
Galicia, S.A.**

O director xeral da Corporación Radio e
Televisión de Galicia, S.A.

Alfonso Sánchez Izquierdo